

Hume. Crítica a idea de *Eu* (alma, suxeito)

A identidade personal como *ficción* da imaxinación.

Hume chegará a conclusión (escéptica) de que a crenza nun «eu idéntico» non é un dato, senón unha construción ilusoria da imaxinación baseada nas relacións de semellanza e causalidade entre os contidos da mente e na memoria que conservamos das nosas impresións pasadas.

Non hai impresión do *Eu*: a idea de *suxeito* é unha ficción.

O ataque de Hume a idea de *suxeito pensante* (res cogitans) comenza negando que exista unha impresión sensible que xustifique a idea dun «eu» permanente. O seu *principio empirista da copia* —toda idea real ten que provir dunha impresión— fai imposible demostrar a existencia dun suxeito ou alma que pensa.

«Desgraciadamente, todas estas afirmacións positivas son contrarias á experiencia que se presume a favor delas e **non temos unha idea do *Eu*** da maneira que se explicou aquí. **¿Pois de que impresión pode derivarse esta idea?** Esta cuestión é imposible de responder sen unha contradición manifesta e un absurdo manifesto.

[...]. **O *Eu* ou persoa non é unha impresión**, senón o que supoñemos que ten referencia a varias impresións ou ideas.

[...] Non existe ningunha impresión constante e invariable. A dor e o pracer, a pena e a alegría, as paixóns e sensacións sucedense unhas ás outras e non poden existir xamais ao mesmo tempo. **Non podemos, pois, derivar a idea do *Eu* dunha destas impresións, e, por consecuencia, non existe tal idea.**»

Tratado sobre a natureza humana (Libro I, Parte IV, Sección VI: «Da identidade personal»)

«Unluckily all these positive assertions are contrary to that very experience, which is pleaded for them, **nor have we any idea of self**, after the manner it is here explain'd. For from what impression cou'd this idea be deriv'd?

[...] **But self or person is not any one impression**, but that to which our several impressions and ideas are suppos'd to have a reference.

[...] But there is no impression constant and invariable. Pain and pleasure, grief and joy, passions and sensations succeed each other, and never all exist at the same time. **It cannot, therefore, be from any of these impressions, or from any other, that the idea of self is deriv'd; and consequently there is no such idea.**»

(*Treatise*, I. IV.VI)

O «feixe de percepción» e a metáfora do teatro.

Hume reemplaza a noción de *suxeito* pola visión da mente humana como un fluxo constante de impresións. Este é o núcleo da súa «*bundle theory of the Self*»: non temos percepcións do *Eu*, tan só percibimos un permanente ir e vir de impresións (sensacións e emocións) que aparecen e desaparecen, unhas tras outras, como no escenario dun teatro.

«Deixando a un lado algúns metafísicos deste xénero, atévome a afirmar do resto dos homes que non son máis que **un conxunto ou colección de diferentes percepcións que se suceden unhas ás outras cunha rapidez inconcibible e que se atopan nun fluxo e movemento perpetuo.**

[...] **O espírito é unha especie de teatro onde varias percepcións aparecen sucesivamente**, pasan, volven a pasar, deslizan e mézclanse nunha infinita variedade de posturas e situacións.»

Tratado sobre a natureza humana (Libro I, Parte IV, Sección VI: «Da identidade personal»)

«But setting aside some metaphysicians of this kind, I may venture to affirm of the rest of mankind, that they are nothing but **a bundle or collection of different perceptions, which succeed each other with an inconceivable rapidity, and are in a perpetual flux and movement.**

[...] **The mind is a kind of theatre, where several perceptions successively make their appearance**; pass, re-pass, glide away, and mingle in an infinite variety of postures and situations.»

(*Treatise*, I. IV.VI)